

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CORRECCIÓN de erros. Orde do 24 de xuño de 2011 pola que se ditan normas para a adxudicación de destino provisional para o próximo curso académico 2011-2012 ao persoal do corpo de mestres que non teña destino definitivo, ao que resulte desprazado por falta de horario, ao que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleiro ou concelleira, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal opositor do ano 2011, e ao persoal interino ou substituto do corpo de mestres e ao que solicite o reingreso no servizo activo.

Advírtese erro (*Diario Oficial de Galicia*, n.º 129, de mércores, 6 de xullo de 2011) na base segunda: Obrigatoriedade de participación, páxina 18350 e seguinte, onde os parágrafos deben ir precedidos das correspondentes letras:

«Está obrigado a participar neste concurso:

a) O profesorado desprazado por falta de horario e o profesorado suprimido. Considérase que un profesor ou profesora non ten horario no seu centro cando non dispón de ningunha hora da súa especialidade ou dispón de menos de cinco horas e estas poden ser asumidas por outro profesor do centro.

b) O profesorado que teña concedida unha comisión de servizos por razóns de saúde, pola situación persoal do propio docente.

c) O profesorado que teña concedida unha comisión de servizos por razóns da saúde, pola situación persoal dun familiar.

d) O profesorado que teña que reincorporarse á comunidade autónoma procedente do estranxeiro.

e) O profesorado que teña dereito a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleiro ou concelleira.

f) O profesorado que teña concedida unha comisión de servizos por razón de conciliación da vida familiar e laboral.

g) O persoal do corpo de mestres en situación de expectativa de destino que non obtivo o primeiro destino definitivo, que se ordenará por anos de realización do concurso-oposición, e dentro de cada concurso-oposición polo número de orde obtido nel.

h) O profesorado que solicite o reingreso ao servizo activo con efectividade do inicio do curso académico 2011-2012.

i) As opositoras e opositores que superen o procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres, convocado pola Orde do 8 de abril de 2011, pola orde obtida no procedemento selectivo, en virtude das relacións expostas polas comisións de selección.

j) O profesorado interino e substituto, pola mesma orde que elixiu no curso académico 2010/2011, sen prexuízo do establecido na addenda asinada o 27 de abril de 2010 ao Acordo do 20 de xuño de 1995, sobre o acceso á función pública docente en calidade de persoal docente interino ou substituto».